



D^a. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **ordinaria do 17 de xaneiro de 2018**, adoptou o seguinte acordo:

7.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR NUN HIGH SCHOOL EN PERÍODO LECTIVO “VIGO EN INGLÉS 2018”. EXPTE. 19872/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 15/01/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 12 de xaneiro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2018” (19.872-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2018” (19.872-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 30 de novembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar



nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2018” (19.872-332) na seguinte orde descendente:

	LICITADORES	TOTAL
1	NEW LINK EDUCATION, S.L.	99 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEW LINK EDUCATION, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 2.102,50 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEW LINK EDUCATION, S.L., o día 13 de decembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 22 de decembro, dentro do prazo concedido (agás aquela documentación que xa consta en poder deste Concello no expediente 18.373-332). O 4 de xaneiro de 2018 achegan para os efectos de emendar a solvencia técnica acreditada na documentación do 22 de decembro, un certificado de servizos similares ao do obxecto do contrato.

Incorpórase ao expediente un informe do Servizo de Educación de data 8 de xaneiro de 2018 sobre contratos similares prestados por NEW LINK EDUCATION, S.L. por importe superior ao acreditado pola empresa.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 8 de xaneiro de 2018 revisou a documentación presentada e acordou que non quedaba acreditada a solvencia técnica esixida no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), xa que nos certificados achegados pola empresa non consta que os servizos do ano 2017 (ano de máxima execución) se teñen executado antes do fin do prazo de presentación de ofertas segundo esixe a cláusula 8.4.2.

En base ao anterior, e ao abeiro do disposto no punto 1.9.1.3.1. da *Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre a interpretación dalgúns preceptos do Texto refundido da Lei de contratos do sector público tras a súa modificación realizada pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización*, a Mesa de Contratación na sesión do 8 de xaneiro de 2018 concedeu un prazo de 5 días hábiles a NEW LINK EDUCATION, S.L. para que puidese emendar a documentación acreditativa da solvencia técnica de acordo coas esixencias previstas no prego.

O citado licitador presentou a documentación solicitada dentro do prazo concedido. A Mesa de Contratación na sesión do 12 de xaneiro de 2018 revisou a citada documentación, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 18/01/2018 09:48

Páxina 2 de 4

Expediente 19872/332

CSV: 2BE44-8EC3C-222E8-38A2B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NEW LINK EDUCATION, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NEW LINK EDUCATION, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor e do acordo adoptado pola Mesa na sesión do 14 e 23 de novembro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a NEW LINK EDUCATION, S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en inglés 2018” (19.872-332) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 1.704.465,00 euros, sendo o prezo unitario por alumno de 2.319,00 euros.*
- b) *Propón un incremento de 15 alumnos a maiores dos 735 contemplados no punto 4.1 da cláusula cuarta do prego de prescricións técnicas particulares (PPT).*
- c) *Propón un incremento de 6 monitores/as por enriba do mínimo dos requiridos no punto 4.4.1 da cláusula cuarta do PPT.*
- d) *Propón un incremento da porcentaxe de monitores que acrediten un nivel de inglés superior ao mínimo esixido de B2, segundo a táboa de certificacións establecidas no Marco Común Europeo de Referencia para las Lenguas (MCER) do 100%*



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 18/01/2018 09:48

Páxina 3 de 4

Expediente 19872/332

CSV: 2BE44-8EC3C-222E8-38A2B

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

e) *Comprométese a achegar as seguintes melloras dos requisitos mínimos esixidos para o curso específico de mellora e perfeccionamento da lingua inglesa:*

- *Propón un incremento de 10 horas de duración do curso específico de mellora e perfeccionamento en lingua inglesa a desenvolver de conformidade co establecido no punto 4.3.2 da cláusula cuarta do PPT.*
- *Propón unha redución de 5 alumnos da ratio alumno/profesor máxima requirida no citado curso específico a desenvolver de conformidade co establecido no punto 4.3.2 da cláusula cuarta do PPT.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 18/01/2018 09:48	Páxina 4 de 4
Expediente 19872/332	CSV: 2BE44-8EC3C-222E8-38A2B	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		